

NOVOS RESULTADOS DAS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO SUR LUCENSE. OS XACEMENTOS PALEOLÍTICOS DA DEPRESIÓN DE MONFORTE (MONFORTE DE LEMOS), COVA EIRÓS (TRICASTELA) E VALDAVARA (BECERREÁ).

New results of the archaeological surveys in the south of Lugo. The Paleolithic sites of the Monforte Basin (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) and Valdavara (Becerreá).

Fábregas Valcarce ^a, R.; Alonso Fernández, S ^b; Ameijenda Iglesias, A. ^{a,b}; Grandal d'Anglade, A. ^c; Lazuén Fernández, T. ^d; de Lombera Hermida, A. ^{a,b}; Pérez Alberti, A. ^e; Pérez Rama, M ^c; Rodríguez Álvarez, X.P. ^b; Rodríguez Rellán, C. ^a; Serna González, M.R. ^a; Terradillos Bernal, M. ^f e Vaquero Rodríguez, M. ^b

- a) Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN). Dpto de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela. Praza da Universidade, nº 1, CP: 15782. Santiago de Compostela.
- b) Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES). Área de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili.
- c) Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal". Universidade da Coruña.
- d) Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.
- e) Dpto. de Ciencias Históricas, Universidad de Cantabria.
- f) Área de Prehistoria. Dpto. de Ciencias Históricas y Geografía, Universidad de Burgos.

Resumo: Neste traballo preséntanse os resultados das actuacións levadas a cabo no sector oeste da Depresión que demostraron a importancia dos asentamentos paleolíticos nesta zona, adscritos ó Paleolítico inferior, medio e superior. En Cova Eirós (Triacastela) descubriuse un importante nivel do Paleolítico medio con restos líticos e de fauna asociados o que pode ofrecer gran información acerca das estratexias de subsistencia nun dos periodos menos coñecidos da Prehistoria galega. Na Cova de Valdavara (Becerreá) destaca a descuberta dunha das manifestacións máis antigas de comportamento simbólico no final do Pleistoceno Superior.

Palabras clave: Paleolítico, Pleistoceno, industria lítica, fauna, simbolismo

Abstract: This paper comments on the surveys carried out on the western part of the Monforte de Lemos Basin which have revealed the importance of the Paleolithic settlement in this area, during the Lower, Middle and Upper Paleolithic. At Cova Eirós (Triacastela) an important Middle Paleolithic level with lithics and faunal remains was discovered, providing a good approach to the subsistence behaviour of one of the least known periods of the Galician Prehistory. At the cave of Valdavara (Becerreá) we must single out the discovery of the earliest evidence of symbolic thought in the Galician Paleolithic.

Key Words: Paleolithic, Pleistocene, lithic industry, faunal remains, symbolism

INTRODUCCIÓN.

Nas campañas arqueolóxicas levadas a cabo no presente ano dende o proxecto de investigación "Ocupacións Humanas durante o Pleistoceno da cunca media do Miño" continuouse cos traballos de prospección nun novo sector da Depresión de Monforte de Lemos así como nas sondaxes arqueolóxicas no xacemento de Valdavara.

Asemade, ampliouse o marco de actuación mantido durante estes anos ó intervir en dúas novas zonas, a penicheira granítica do concello do Saviñao, e a cavidade de Cova Eirós no concello de Triacastela. Estas actuacións permitirán

estender o estudo do poboamento paleolítico na cunca media do Miño a novos contextos xeoarqueolóxicos moi similares ós do tramo inferior do Miño (zona ourensana) e a cornixa cantábrica. A intervención en Cova Eirós achéganos ós modos de vida dun dos periodos menos coñecidos da prehistoria do NW peninsular como é o Paleolítico medio. A conservación de restos de fauna, así como de ferramentas líticas posibilitará acadar unha visión máis completa encol do contorno onde se desenvolvían as comunidades neandertais e as súas estratexias de adaptación, caza e patróns de asentamento.

PROSPECCIÓNS NA DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS E SONDEXES EN PEDRAS (O SAVIÑAO)

Durante a campaña do 2008 prospectouse a parte occidental da depresión de Monforte de Lemos s.s. Esta zona esténdese pola marxe setentrional do río Cabe e está delimitada ó leste polo río Cinsa, confluente do primeiro, e ó oeste polo escarpe que, dende Tuiriz ata Pantón, forma a falla disimétrica orientada NNE-SSW a NE-SW. Ésta marca o contacto entre os afloramentos Terciarios e Cuaternarios de Monforte, os materiais Cámbrico-Precámbricos e as rochas Plutónicas que afloran máis ó oeste, na penichaira de Pantón e O Saviñao. Na base deste escarpe os sedimentos cuaternarios forman grandes abanos aluviais que se integran no sistema sedimentario de recheo da conca.

Nesta área atopamos varias superficies de aplanamento, localizadas a maioría en diferentes niveis de altitude entre ós 300 e ós 350 m.s.n.m. Ó contrario do que ocorre na parte leste da depresión, no oeste, as máis destas superficies son de pequenas dimensións e semellan gardar mais relación có río Cinsa que có Cabe. Por outra banda, predominan entre estas superficies os pedimentos, algúns deles posibles terrazas antigas do río Cinsa desmanteladas (AMEIJENDA, 2008).


Nesta zona, só os pedimentos localizados ó sur, nos arredores do lugar de Mañente, parecen ser superficies formadas pola acción do Cabe, tal como indica o cóbado fluvial e o meandro que forma o río neste punto. Estas superficies estarían relacionadas coas grandes terrazas fluviais que forma o río na parte central da depresión, constituíndo restos erosionados dunha antiga superficie maior.

Na depresión de Monforte as terrazas fluviais continúanse, a maioría, seguindo o curso actual do río en dirección NNE-SSW. O feito de que na marxe meridional do río Cabe non aparezan terrazas fluviais, e que as superficies da parte oeste da depresión sexan en xeral pedimentos asociados ó río Cinsa ou posibles antigas terrazas deste río ou do Paleocabe, fainos pensar que nesta zona se ubicase o antigo val do Paleocabe. Sería a zona máis antiga da depresión, onde as superficies sufrirían con maior intensidade os fenómenos erosivos que en algúns casos poderían ter desmantelado antigas terrazas converténdooas en pedimentos (AMEIJENDA, 2008).

Como consecuencia dos traballos de prospección levados a cabo nestas superficies de aplanamento situadas nas parroquias de San Mamede, Baamorto, Tor e S. Salvador de Seoane foron atopadas 18 novas estacións (Táboas 1 e 2 e Figura 1). Temos que salientar que as principais concentracións (Chao Vilar-I, II e III, San Mamede) aparecen sobre diferentes niveis de terrazas correlacionables cos da parte septentrional da Depresión. No lugar de Costa Grande, localizáronse catro puntos con numerosos produtos de talla, asociados ás formacións ordovícicas de Cuarcita de Cruciana.

Chao Vilar é unha ampla superficie de aplanamento que se atopa na parroquia de S. Salvador de Seoane, a uns 350 metros s.n.m., onde foron descubertas 3 estacións. En Chao Vilar I, na marxe meridional desta superficie, recuperáronse 24 artefactos en cuarcita (54,1%) e seixo (37,5%) de mediano e grande formato (61,1x53,1x24,6 mm de media). Destaca a alta porcentaxe de BN1XE e BN2XC no conxunto. As estratexias de explotación dominantes son as unificiais lonxitudinais, seguidas polas unificiais/bifaciais centrípetas, aínda que as extraccións nestes últimos casos apenas afectan á totalidade da periferia das matrices (2C-3C). Os escasos produtos de talla recuperados responden ós mesmos esquemas, con negativos unipolares nas caras dorsais e talóns unificetados, corticais e bifacetados no caso das BP centrípetas.

Figura 1: Principais xacementos da Depresión de Monforte de Lemos citados no texto. Xacementos adscritos ó Modo 2 (círculos): Pedras (1); Chao Vilar-I,II,III (2); As Cruces e Conchouso (3); Outeiriño (4). Xacementos do Modo 3 (cadrados): Mañente e San Mamede (5); Xacementos do Modo 4 (triángulos): Costa Grande-III (6) e Valverde (7).



Táboa 1.

Relación das categorías estruturais e os xacementos da Depresión de Monforte de Lemos

	Cantos	Núcleos		BNE	Configurados		Productos			Frag	TOTAL
	Bna	BN1XE	BN2XE		BN1XC	BN2XC	BP	BPF	FBP		
A Cinsa							1				1
%							100				
A Estrada						1					1
%						100					
As Cruces						2	4	1			6
%						33,33	66,67	16,67			
Azaial						1	1				2
%						50	50				
Chao Vilar I		6			3	5	8	1	1		24
%		25			12,50	20,83	33,33	4,17	4,17		
Chao Vilar II		8	1			2	6			1	18
%		44,44	5,56			11,11	33,33			5,56	
Chao Vilar III		5			3	2	10				20
%		25			15	10	50				
Conchouso		1		1	1		4	1			8
%		12,50		12,50	12,50		50	12,50			
Costa Grande-I		3	3			3	101	6	2	4	122
%		2,46	2,46			2,46	82,79	4,92	1,64	3,28	
Costa Grande-II		1		1		2	8				12
%		8,33		8,33		16,67	66,67				
Costa Grande-III	2	1	3	2		2	61	6	1	1	79
%	2,53	1,27	3,80	2,53		2,53	77,22	7,59	1,27	1,27	
Costa Grande-IV		1		1		1	19	1			23
%		4,35		4,35		4,35	82,61	4,35			
Mañente						2	3	2			7
%						28,57	42,86	28,57			
Moreda			1			2	1	1			5
%			20			40	20	20			
O Campo						1	6	1			8
%						12,50	75	12,50			
Outeiriño		4			2	3	4	1			14
%		28,57			14,29	21,43	28,57	7,14			
Rego de Sapo		1				1	1				3
%		33,33				33,33	33,33				
San Mamede		3	1			9	18	5	1		37
%		8,11	2,70			24,32	48,65	13,51	2,70		
TOTAL	2	34	9	5	9	39	255	26	5	6	391
%	0,51	8,70	2,30	1,28	2,30	9,97	65,22	6,65	1,28	1,53	

Táboa 2.

Relación materias primas e os xacementos da Depresión de Monforte de Lemos

	Cuarcita	Cuarcita grao fino	Seixo	Lidita	Cristal de rocha	Sílice	TOTAL
A Cinsa	1						1
%	100						
A Estrada			1				1
%			100				
As Cruces	3	3	1				7
%	42,86	42,86	14,29				
Azaial		1	1				2
%		50	50				
Chao Vilar I	13	2	9				24
%	54,17	8,33	37,50				
Chao Vilar II	9	4	5				18
%	50	22,22	27,78				
Chao Vilar III	10	2	8				20
%	50	10	40				
Conchouso	2	3	3				8
%	25	37,50	37,50				
Costa Grande-I		119	3				122
%		97,54	2,46				
Costa Grande -II		11	1				12
%		91,67	8,33				
Costa Grande -III	1	73	5				79
%	1,27	92,41	6,33				
Costa Grande -IV		23					23
%		100					
Mañente	1		5		1		7
%	14,29		71,43		14,29		
Moreda	1		4				5
%	20		80				
O Campo	3		5				8
%	37,50		62,50				
Outeiriño	11		3				14
%	78,57		21,43				
Rego de Sapo	1		2				3
%	33,33		66,67				
San Mamede	1	4	29	2		1	37
%	2,70	10,81	78,38	5,41		2,70	
TOTAL	57	245	85	2	1	1	391
%	14,58	62,66	21,74	0,51	0,26	0,26	


No caso dos configurados de pequeno formato (BN2XC) atopámonos con raedeiras, denticulados e un bec. As BN1XC (3 bifaces) son de gran formato (12-15 cm de lonxitude máxima) (Figura 2).

No Chao Vilar-II, situado na parte norte da superficie, foron recuperados 18 artefactos, destacando o alto número de núcleos (50%) sobre os configurados (un bifaz e unha muesca) e produtos de talla. Por elo, a maioría dos obxectos son de mediano e gran formato (59,6x51,7x26 mm medidas medias). As matrices e produtos centrípetos dominan no conxunto (50%), sobre as BN1XE lonxitudinais ou bipolares opostas (20%). Detaca a presenza dun núcleo Levallois con clara xerarquización na explotación das súas caras e predeterminación dos produtos (lasca preferencial).

O lugar de Chao Vilar-III atópase tamén na parte norte da superficie. Foron recollidos 20 artefactos en cuarcita (50%) e seixo (40%) e cuarcita de grao fino (10%), cun formato maior que nos puntos precedentes (64,2x 54,5x24 mm de media). Atendendo ás categorías estruturais dominan as Bases Positivas, sobre todo en seixo, con talóns unifacetados e levantamentos unipolares ou ortogonais nas súas caras dorsais. Do mesmo xeito, nas BN1XE as estratexias unificiais/bifaciais centrípetas e ortogonais dominan sobre as lonxitudinais (só un exemplar). A configuración céntrase nos grandes instrumentos sobre canto (1 *chopper*, 1 bifaz e un triedro) e lasca (2 bifaces).

Os conxuntos líticos das diferentes dispersións de Chao Vilar amosan unhas características homoxéneas tanto na xestión das distintas materias primas, baseadas na cuarcita e no seixo, como no que atinxe ás estratexias de explotación e configuración. Pola importancia dos grandes configurados, especialmente os bifaces, e o predominio de BN1XE centrípetas, lonxitudinais e ortogonais, así como de produtos de mediano formato adscritos a estes Temas Operativos, Os lugares de Chao Vilar-I, II e III poden ser adscritos ó Modo 2. Sen embargo, presentan certos aspectos novedosos con respecto a outras estacións da Depresión, como a presenza do método Levallois e o grande predominio das estratexias centrípetas sobre as ortogonais e lonxitudinais.

Figura 2: Bifaces de Pedras (1,2); Bifaz de Chao Vilar-I (3); Bifaz de Outeiriño (4).



Na parroquia de San Mamede atópanse os xacementos de Conchouso e As Cruces (Táboas 1 e 2), a 309 e 321 metros s.n.m, respectivamente. Os conxuntos líticos son máis escasos, aínda que certas características como a presenza de grandes configurados (bifaces), ou o predominio de talóns unifacetados e produtos lonxitudinais, permiten adscribilas ó Modo 2.

Noutros puntos deste sector da Depresión documéntanse varios xacementos que semellan respostar a un modelo de xestión diferente. No lugar de San Mamede, nunha superficie aterrada inferior ós lugares de As Cruces e Conchouso, foron recuperados 37 artefactos en seixo (78,3%), cuarcita de grao fino (10,8%) e outros materiais como a lidita e o sílex,

cun menor formato que nas estacións anteriores (34,7x31,5x13,5 mm). Na explotación dos núcleos dominan as estratexias bifaciais lonxitudinais e ortogonais. Pero neste caso obsérvase unha gran diferenza coas estacións anteriores porque se ben as extraccións son lonxitudinais, prodúcese certa xerarquización nas caras de explotación co obxectivo de obter BP que ocupen caseque a totalidade da superficie do núcleo, aínda que se mantén a estruturación típica do método Levallois. Aspecto que se ve reflexado nunha maior porcentaxe dos talóns bifacetados (43,4%) que noutras estacións da Depresión. A configuración centráse nos pequenos instrumentos sobre lasca (BN2XC) dominando o grupo os denticulados e muescas (4) sobre as raedeiras laterais (3) e as raspadeiras (1). Non foi identificado ningún configurado grande.

No lugar de Mañente, na mesma parroquia, anque o número de efectivos é máis discreto, podemos observar as mesmas tendencias en canto ao pequeno formato dos obxectos (33x30,2x12,8 mm), o predominio das BN2XC (raedeiras laterais) e produtos centrípetos. Polo menor formato dos obxectos, a maior variedade de materias primas, o predominio dos configurados sobre lascas, e a presenza de xerarquización na explotación dos pequenos núcleos de seixo e cuarcita, estes conxuntos presentan os mesmos rasgos morfolóxicos que os identificados nos conxuntos de As Gandariñas, O Regueiral e certos puntos de Gullade, adscritos ó Modo 3 (FÁBREGAS et al., 2007, 2008).

No sector Oeste da Depresión localizáronse outros puntos arqueolóxicos a maioría deles asociados a abanos aluviais ós pés da falla disimétrica (Moreda), a glaciais ou abanos procedentes do desmantelamento de superficies de aplanamento superiores (A Estrada, Azaiál, Rego de Sapó) ou antigos pedimentos (A Cinsa, O Campo). Nestes conxuntos dominan os produtos de talla de pequeno formato (cunha media de 42x41,4x17 mm) e configurados sobre lasca, sen documentarse ningún mortotipo Achelense (bifaces, fendedores), aínda que a escasa representación da mostra e as características tecnolóxicas dos produtos e núcleos non permiten realizar unha descripción máis precisa a un tecnocomplexo determinado.

Na dorsal de Costa Grande foron identificadas catro novas dispersións ó longo dun cortalumes (Costa Grande I, II, III e IV). A súa importancia radica en que estes xacementos se atopan sobre os afloramentos de Cuarcitas de Cruciana do Ordovícico (Figura 1). As devanditas presentan un mosaico equigranular de seixo con inclusións paralelas de moscovita, como nas identificadas no lugar de Valverde. Isto podería indicarnos a fonte de abastecemento deste último xacemento xa que o tipo de superficie cortical observada aquí (patinada ou levemente erosionada) indicaría a explotación de material desmantelado das formacións primarias, e non dos cantos das formacións secundarias de orixe fluvial (DE LOMBERA et al., 2008, RODRÍGUEZ et al., e.p.). A alta representación dos produtos de talla en cuarcita de grao fino (BP e BPF, caseque exclusivamente) nestas localizacións de Costa Grande os vincula con talleres de abastecemento. Pero debemos salientarmos a problemática inherente a algunha estación que presenta dous conxuntos ben diferenciados polo rodamento das súas pezas, así como bulbos de percusión moi marcados, numerosos reflexados nas caras dorsais e núcleos, astelados, etc., que poderían indicar unha orixe mecánica das pezas. Sen embargo, en Costa Grande III pódese observar como as categorías estruturais están mellor representadas, con numerosos produtos de talla (88%), configurados (2,5%), núcleos (8%) e percutores en cantos de orixe fluvial (2,5%). Así mesmo, a incidencia dos reflexados e bulbos marcados non é tan grande coma nos outros puntos. No conxunto destacan dous núcleos microlaminares, un sobre canto e outro sobre lasca de cuarcita de grao fino, das mesmas características que os atopados nos lugares de Valverde e Áspera, polo que Costa Grande-III podería ser adscrita ó Modo 4.

Xunto coa prospección no sector oeste da Depresión revisáronse outras zonas na parte noreste e norte. No lugar de Chao de Fabeiro foron recuperados 9 artefactos máis destacando unha BP de grande formato en sílex, e nas Lamas descubríronse 25 novos obxectos líticos das mesmas características que nos anos anteriores.

O lugar de Valverde foi descuberto o ano pasado con motivo da apertura dunha pista forestal (FÁBREGAS et al., 2008; RODRÍGUEZ et al., e.p.). Este ano realizouse unha profunda limpeza dun dos cortes co fin de coñecer a posición estratigráfica dos artefactos e o seu interese de cara a futuras intervencións. Foron recuperados 229 artefactos na superficie da pista forestal e 367 na limpeza do corte. Tanto na representación das variedades líticas, coma nas características morfolóxicas dos materiais, móstrase unha grande homoxeneidade cos materiais recuperados na campaña pasada; núcleos de microlaminares en cristal de rocha, fragmentos de lámina en cuarcita de grao fino, raspadeiras unguiformes en sílex, e unha grande variedade de sílex. Como elementos algo discordantes hai uns fragmentos mesiais que presentan un retoque

plano e cubrinte en toda a superficie a modo de puntas de flecha. Por desgracia, no corte no que se efectuou a limpeza non se puido establecer ningunha secuencia ou relación estratigráfica xa que as industrias concentrábanse no nivel superior moi removido polas labores agrícolas, pois ésta era unha zona tradicional de cultivo do centeo. Futuras sondaxes e datacións permitirán clarear a secuencia e antigüidade deste xacemento.

Nunha superficie achairada na base da Serra de Moncai, no lugar de Outeiriño (parroquia de Ribasaltas), recuperáronse 15 artefactos en cuarcita (78,5%) e seixo de grande formato (104,8x94,1x38,1 mm) (Figura 2). As estratexias de explotación predominantes atestiguadas a través dos núcleos (28,5%) e dos produtos de talla (35,6%), son as unificiais/bifaciais lonxitudinais e ortogonais sobre BN1XE, aproveitando ós planos de percusión corticals que ofrecen os cantos, o que explicaría o alto índice de talóns corticals. A configuración céntrase nos grandes instrumentos sobre canto (BN1XC, pico e *chopper*) e lasca (2 bifaces). Por estas características o conxunto lítico de Outeiriño pode ser adscrito ó Modo 2.

Sondaxe arqueolóxica en Pedras (O Saviñao).

O lugar de Pedras atópase na Parroquia de Vilelos, no concello de O Saviñao, ó NW de Escairón e a 520 metros s.n.m (Figura 1). Con motivo dunhas obras de acondicionamento apareceron dous bifaces en cuarcita o que indicaba a posible presenza dun xacemento en estratigrafía. Neste sentido programáronse unhas sondaxes arqueolóxicas co obxectivo de coñecer o contexto dos artefactos.

Se ben a súa situación escápase dos depósitos cuaternarios da Depresión de Monforte, as penichairas graníticas dos concellos de Pantón e O Saviñao, mostran un grande interese arqueolóxico. O contexto xeolóxico correspóndese cos afloramentos de granodioritas megacristalinas do macizo Chantada-Taboada. O lugar é unha pequena cubeta cunha certa inclinación cara o W e debido ó seu carácter endorreico o nivel freático atópase moi preto da superficie. Este contexto é moi semellante ó atopado nos xacementos paleolíticos das penichairas ourensanas, relacionados a pequenas cubetas ou depresións. A inexistencia de cortes no terreo imposibilita coñecer-lo contexto sedimentario das dúas pezas que foron atopadas, pero a frescura das súas aristas suxire unha posición primaria *in situ*, ou de ocorrer o mesmo que noutros xacementos ourensáns, os materiais proceden dos límites superiores da cubeta, situados a uns 100M. cara o S e E, sendo pois unha acumulación *in loco*.

Na prospección da cubeta endorreica atopáronse 10 artefactos en cuarcita e seixo, un deles un bifaz en cuarcita. Segundo as dispersións dos artefactos e a topografía do terreo planetáronse varias sondaxes valorativas, sendo a Cata 3 a única que aportou un nivel arqueolóxico¹.

Na escavación da Cata 3 alcanzáronse ós 1,6 m de profundidade con respecto a superficie actual. Debido ás fortes choivas e á conseguinte suba do nivel freático, as intervencións non se puideron levar a término, descoñecendo a potencia real do xacemento. Foron identificados ata 5 niveis xeolóxicos que, a pesares da súa grande homoxeneidade, presentaban certas variacións na porcentaxe de pequenas gravas e clastos de granito e seixo.

O Nivel 3 ten unha potencia de 80 cm. A matriz é axilosa de cor roxiza con presenza de pequenas gravas subangulosas de seixo (5-10 mm) e algún clasto de granito de 5-10 cm. É o único nivel arqueolóxico identificado. nel recuperáronse 17 artefactos, a maioría agrupados na metade norte da sondaxe, 6 deles en cuarcita e 11 en seixo de formato pequeno (49,2x61,7x28,6 mm e 41,7x40,1x18,4 mm, respectivamente). A cuarcita de grao fino está moi pouco representada (12%). Os seixos, con abudantes planos e de coloración azulada, proveñen do entorno do xacemento onde abundan este tipo de formacións. Nembargantes, as cuarcitas (cantos fluviais) tiveron que ser aportadas dende outros cauces fora xa da penichaira, de substrato granítico e quizais procedan do río Miño, situado a uns 3-4 Km ó oeste do xacemento.

En canto ás categorías estruturais, as máis representadas son as BP (48,15%) e produtos de talla, especialmente no que atinxe ás cuarcitas, sendo escasos os núcleos (Táboa 3). Pola contra, os configurados acadan unha alta representación (18,5%), destacando os tres bifaces en cuarcita, un deles sobre canto (BN1XC), e unha raedeira (Figura 2). En canto ás estratexias de explotación, identificadas a través das escasas matrices e produtos, dominan as bifaciais lonxitudinais e ortogonais, presentando os produtos negativos unipolares nas súas caras dorsais e talóns unificiados (51%) ou

corticais. Neste senso debemos salientar a explotación encamiñada á obtención de grandes Bases Positivas ben sexa para a súa posterior transformación en grandes configurados (BN2XC bifaciais) ou para utilización directa (BP). Para este tipo de soportes, só testemuñados a través das BP e BN2X, as cadeas operativas semellan estar fragmentadas, indicando, posiblemente, a súa produción no lugar de abastecemento.

Táboa 3: Categorias estruturais e materias primas dos diferentes niveis do xacemento de Pedras.

		Cantos	Núcleos		Configurados		Productos		Frag	TOTAL	
		Bnb	BN1E	BN2E	BN1C	BN2C	BP	BPF			FBP
Prospección	Cuarcita			1	1	2	3			1	8
	%			10,00	10,00	20,00	30,00			10,00	
	Cuarcita grao fino					1					1
	%					10,00					
	Seixo	1									1
	%	10,00									
Nivel 3	Cuarcita		1				2		1		4
	%		5,88				11,76		5,88		
	Cuarcita grao fino					1	1				2
	%					5,88	5,88				
	Seixo						7	2	2		11
	%						41,18	11,76	11,76		
TOTAL		1	1	1	1	4	13	2	3	1	27
%		3,70	3,70	3,70	3,70	14,81	48,15	7,41	11,11	3,70	

Polas características descritas anteriormente: produción de grandes BP, predominio de estratexias lonxitudinais e ortogonais, presenza de grandes obxectos configurados, sobre canto o sobre lasca, o conxunto lítico atopado no xacemento de Pedras presenta moitas similitudes cos xacementos adscritos ó Modo 2 da Depresión monfortina. Próximos traballos centraranse en ampliar a área de escavación co fin de poder determinar con claridade o contexto deposicional do xacemento así como acadar máis información acerca da súa funcionalidade e cronoloxía.

O xacemento de Cova Eirós (Triacastela).

O xacemento de Cova Eirós atópase na parroquia de Vilavella, no termo municipal de Triacastela (Lugo), a 42° 46'3'' N e 7° 12'13'' W, 780 metros s.n.m e a uns 25 metros de altura respecto do rego de Bezcós. A cavidade ábrese ó exterior na ladeira NNW do Monte Penedo, ó sur da aldea de Cancelo, na Serra do Ouribio, sobre as calizas de Cándana do Cámbrico inferior. As dimensións da boca de entrada actual son de 3,5m de ancho por 2 de alto, e ten unha lonxitude aproximada de 20 metros. Xa no interior, a cova acada unha lonxitude de 104 metros.

A descuberta de restos de úrsidos en Cova Eirós na década dos 80 por parte de J.R. Vidal Romaní levou á realización de diversas campañas de escavación (1988, 1989 e 1991). Estas intervencións, que afectaron á parte media e fondo da galería, tiñan coma obxectivo a recuperación de restos de úrsidos. Como consecuencia destas escavacións paleontolóxicas Cova Eirós convertiuse nun dos principais xacementos con restos de *Ursus spelaeus* da Península Ibérica, có achado de preto de 4000 restos óseos, pertencentes a un número mínimo de 43 individuos (GRANDAL, 1993). Unha datación por C14 AMS dun óso proporcionou unha data de 24,090 ± 440 BP (GRANDAL & VIDAL, 1997). Tamén cóntase cunha data de 117.252 ± 75.438 BP para unha costra estalagmítica situada por debaixo do nivel con restos de osos, o que indicaría a

antigüidade dos sedimentos de recheo da cova, aínda que debido á súa grande desviación típica debe ser considerada con certa precaución (GRANDAL, 1993, 1997).

As primeiras intervencións arqueolóxicas no xacemento datan de 1993 cando se realizou unha pequena sondaxe de 1 m², no marco do proxecto de investigación “Proxecto Arqueolóxico Val do Sarria-Val do Mao” dirixido por A. Rodríguez Casal. O obxectivo desta intervención era valorar o potencial arqueolóxico e paleontolóxico neste sector da cova e deste xeito foron identificados cinco niveis arqueolóxicos que indicaban a importancia das ocupacións prehistóricas de Cova Eirós. Entre os materiais recuperados destacan máis de 550 artefactos líticos, adscritos ó Paleolítico superior inicial e ó Paleolítico medio (NOGUEIRA, 1997). Posteriormente, en 1994 realizase outra intervención paleontolóxica no tramo final da cavidade, baixo a dirección de Aurora Grandal.

A intervención realizada no mes de agosto de 2008 consistiu na realización dunhas pequenas sondaxes arqueolóxicas co fin de corroborar as hipóteses plantexadas nas intervencións previas, onde se indicaba a sucesión de ocupacións do Paleolítico medio e do Paleolítico superior. Neste senso, plantexouse unha cata de 2x2 metros (Cata A) a uns 2 metros da entrada actual da cova e integrando a antiga sondaxe de 1993 nunha das cuadrículas de cara a manter un control estratigráfico da secuencia completa. A sucesión estratigráfica identificada no xacemento é a seguinte:

- Nivel Superficial. Terra vexetal. Terra orgánica moi solta e bioturbada. Potencia: 10-15 cm.
- Nivel 1: Areas finas amarelas, moi pouco compactadas con estratificación laminar subhorizontal. Límites superiores e inferiores netos. Potencia: 10-23 cm.
- Nivel 2: Nivel franco-arxiloso de cor alaranxada cunha maior compactación que no nivel superior. Presenta dúas facies diferenciadas:

Na parte superior as areas son máis puras sen concrecións e o seu límite inferior ven marcado pola presenza de pequenas placas de caliza e unha liña de raíces.

Na parte inferior atópanse varios clastos subangulosos de caliza de pequenas dimensións (3-5 cm) e moi carbonatados, chegando a formar unha costra cuxa compactación é maior na parte sur. Límite inferior ondulado e neto. Potencia: 34-45 cm. Nivel arqueolóxico.

- Nivel 3: Nivel de arxilas de cor marrón e pequenas gravas de caliza. Presenta unha compactación e homoxeneidade moito maior que o nivel supraxacente.

Na súa base, coa mesma matriz que na parte superior, aparece moito máis carbonatada e cunha maior presenza de clastos calizos subangulosos de pequenas dimensións. Na escavación non se chegou a esgotar a potencia deste nivel. Nivel arqueolóxico.

Nas cuadrículas do sector oeste (E-24 e E-25) identificáronse dúas grandes estruturas negativas de almacenaxe (silos, UA 1 e UA 2). Nelas apareceron fragmentos cerámicos e óseos de época medieval e moderna, xunto con restos de fauna e líticos dos niveis pleistocenos desmantelados. No interior dunha delas (UA1) documentouse un pequeno nivel de combustión.

A presenza dos silos, cun metro de diámetro, e a cata da antiga sondaxe de 1993, reduciron considerablemente a superficie de sedimentos pleistocenos conservados, podendo escavar só unha cuadrícula completa (F24) e unha pequena banqueta duns 50 cm², conservada entre as dúas estruturas. Esta merma de superficie afectou á totalidade do nivel 2 e á parte superior do Nivel 3.

No talude exterior da cova, abriuse unha segunda cata (Cata B) con fin de coñecer a extensión das ocupacións do interior de cova e a potencia sedimentaria do recheo, xa que esta cata atópase a unha cota inferior (80 cm.) que a Cata A, así como a posible correlación estratigráfica cos niveis do interior da entrada. Aquí, baixo un nivel de areas finas estéril e selado por unhas placas de caliza, localizouse un único nivel arqueolóxico cuxa potencia non foi esgotada debido á riqueza en restos líticos e óseos (466 rexistros).

Presentación de datos.

Na presente intervención arqueolóxica recuperáronse un total de 941 rexistros líticos e faunísticos asociados ós niveis Pleistocenos que permiten acadar unhas consideracións preliminares sobre as diferentes ocupacións no xacemento de Cova Eirós.

No nivel superficial e nas estruturas de almacenaxe (UA1 e UA2) da Cata A foron recuperados diversos restos cerámicos (de época medieval e moderna), faunísticos (con representación de especies domésticas e salvaxes), unha agulla en óso, e líticos, estes últimos posiblemente provintes dos niveis pleistocenos desmantelados durante a construción dos silos. Con respecto á fauna temos que destacar a presenza de especies domésticas (*Sus domesticus* e ovicápridos) e salvaxes (*Cervus elaphus*), así como a presenza de restos illados de *U. spelaeus*, posiblemente procedentes da remoción dos niveis inferiores. Varios fragmentos presentan marcas de corte e alteracións por lume que poderían relacionarse coa presenza de carbóns e sementes carbonizadas nun dos silos (UA1).

Na cata do interior de cova (Cata A) identificáronse dous niveis arqueolóxicos adscribíbles ó Pleistoceno. No Nivel 2 recuperáronse un total de 90 obxectos líticos e 298 óseos. No nivel inferior (Nivel 3) recolléronse 101 obxectos líticos e 193 restos de fauna. Se ben o tipo de restos (materias primas, produtos, etc.) é semellante, pódense apreciar certas diferencias en canto á industria lítica e a representación faunística.

En canto ás materias primas amósase un predominio absoluto do seixo nos diferentes niveis (entre un 87 e un 93%), aínda que tamén hai representadas outras litoloxías como a cuarcita, a cuarcita de grao fino, o cristal de rocha e o sílex. O seixo pódese considerar como material de procedencia local ou inmediata, xa sexa do cauce do regato que hai baixo a cova (fragmentos con pátina rodada), ou de fragmentos de filóns desmantelados, probablemente procedentes da propia formación montañosa onde foron identificadas varias veas coas mesmas características na canteira de Vilavella. Nembargantes, as fontes de abastecemento para a cuarcita de grao fino (cantos fluviais), o cristal de rocha e o sílex deben estar máis afastadas, xa que non se localizan no entorno inmediato e a escasa corticalidade dos produtos e fragmentación das cadeas operativas indentificadas nestes materiais semellan indicar unha procedencia alóctona.

No tocante á industria lítica do nivel 2, aínda que se aprecia unha gran similitude con respecto ás materias primas entre os dous niveis, neste o conxunto está dominado polos elementos en seixo (93,3%), cunha menor representación da cuarcita (5%), e dous elementos en prismas de cristal de rocha (Táboa 4). Os obxectos líticos son de pequeno formato cunhas dimensións medias de 18,1x14,63x7,7 mm. Só contamos cun único núcleo multifacial sobre un fragmento de seixo onde as súas caras son explotadas de maneira ortogonal, e un único elemento retocado (BN2XC) en seixo (buril).

Atendendo ás categorías estruturais vemos como as máis representadas son os produtos de talla, destacando as Bases Positivas cun 47,7% e os fragmentos (31,1%), o que unido á escasa corticalidade dos produtos (8% con restos de córtex) e á práctica ausencia de núcleos e percutores indícanos a presenza de cadeas operativas fragmentadas, especialmente no que atinxe ás cuarcitas. Debemos ter en conta a escasez de claros elementos diagnósticos de cara a realizar unha adscripción cronocultural deste nivel, aínda que hai certos aspectos que o diferencian do nivel inferior, como xa veremos. Ó mesmo tempo, debemos ter en conta a escasa superficie escavada. O alto número de fragmentos en seixo podería indicar actividades de talla noutro sector da entrada, non identificadas nesta intervención.

Os restos de fauna recuperados son de pequeno tamaño e moi fragmentados. Os achados de maior tamaño, excepcionais dentro deste nivel, correspóndense a unha vértebra dorsal de oso das cavernas e un fragmento de óso longo, quizais un húmero, dun herbívoro de talla moi grande.

A composición do espectro faunístico varia con respecto ó nivel superficial, con restos de fauna salvaxe como cervos e corzos (*Capreolus capreolus*), ademáis de outros de mamíferos de pequeno tamaño e aves² (Táboa 5). Entre os carnívoros destaca a presenza de varias pezas da dentición superior dun individuo do xénero *Canis* de tamaño grande, así como unha falanxe e un metápodo, restos que poderían pertencer a un lobo (*Canis lupus*), aínda que de pequenas dimensións. Neste nivel atopamos tamén falanxes de oso pardo (*Ursus arctos*), diferenciadas netamente dos restos de oso das cavernas (*U. spelaeus*) do xacemento interior da cova e deste nivel (11 restos). Os restos de *U. spelaeus* poderían interpretarse como procedentes do interior de cavidade (malia non presentaren indicios de rodadura -acción doutros animais?), agás de varias pezas de dentición decidual desta última especie que puideron depositarse *in situ* na entrada.

Táboa 4. Relación das categorías estruturais e materias primas dos diferentes niveis de Cova Eirós.

		Cantos			Núcleos		Retocados	Productos			Frag	TOTAL
		Bna	Bnb	Bnc	BN1XE	BN2XE	BN2XC	BP	BPF	FBP		
Nivel 2	Cristal de rocha							1			1	2
								1,11			1,11	2,22
	Cuarcita							1			1	2
								1,11			1,11	2,22
	Cuarcita grao fino							2	1			3
								2,22	1,11			3,33
	Seixo				1		1	40	9	7	26	84
					1,11		1,11	44,44	10,00	7,78	28,89	93,33
Total Nv 2					1		1	43	10	7	28	91
					1,11		1,11	47,78	11,11	7,78	31,11	
Nivel 3	Cuarcita							2			1	3
								1,98			0,99	2,97
	Cuarcita grao fino							5	2	2	1	10
								4,95	2,22	2,22	1,11	11,11
	Seixo	1	1	1	1		10	43	8	8	15	88
		0,99	0,99	0,99	0,99		9,90	42,57	7,92	7,92	14,85	87,13
Total Nv 3		1	1	1	1		10	50	10	10	17	101
		0,99	0,99	0,99	0,99		9,90	49,50	9,90	9,90	16,83	
Nivel C	Cristal de rocha							1	2		1	4
								0,31	0,62		0,31	1,25
	Cuarcita							1			1	2
								0,31			0,31	0,62
	Cuarcita grao fino							1	10	2		13
								0,31	3,12		0,62	4,05
	Seixo		1	2	1	2	9	170	47	38	31	301
			0,31	0,62	0,31	0,62	2,80	52,96	14,64	11,84	9,66	93,77
Silex							1				1	
							0,31				0,31	
Total Nv C			1	2	1	2	11	184	47	40	33	321
			0,31	0,62	0,31	0,62	3,43	57,32	14,64	12,46	10,28	
TOTAL		1	2	3	3	2	22	277	67	57	78	513
		0,19	0,39	0,58	0,58	0,39	4,29	54,00	13,06	11,11	15,20	

Táboa 5. Relación das especies identificadas en Cova Eirós.

Especie / Nivel	Nivel Superf	UA 1 e 2	Nivel 2	Nivel 3	Nivel C
Mammalia					
Artiodactyla					
Bos taurus	1	1			
Bóvido indet.					1
Sus domesticus	12	5	3		1
Ovicáprido indet.	17	5	8		
Rupicapra				1	
Cervus elaphus	6		4	3	2
Capreolus capreolus			1		
Cérvido indet.			4	3	5
Perissodactyla					
Rinocerotidae indet				2	1
Herbívoro indet.					
talla moi grande			2		
talla grande	15			1	3
talla media	21	7		1	
Carnívora					
Canis sp.			8		
Ursus arctos			2	2	
Ursus spelaeus	2	2	11	10	3
Carnívoro indet.			1		
Mammalia indet.					
Mamífero talla media			3		
Mesomamífero		2	2		
Micromamífero			1		
Aves					
Talla pequena	3	3	6		
Talla media		2			
Identificados	77	27	56	23	16
Non identificados	72	25	242	170	128
Total	149	52	298	193	144

No conxunto arqueolóxico do Nivel 3 observamos certas diferencias tanto no que se refire á industria lítica coma á fauna recuperada. Nesta campaña non foi esgotada a potencia desta camada, acadando ó teito da súa costra inferior, o que fala dunha maior riqueza e densidade de restos arqueolóxicos que no nivel anterior.

Ainda que a variedade litolóxica deste nivel é a máis restrinxida dos niveis arqueolóxicos identificados en Cova Eirós, cun conxunto lítico dominado polo seixo (87,1%), a presenza de cuarcita é maior, especialmente no que se refire á cuarcita de grao fino (11,1%) e amósanse indicios claros da existencia dunha xestión diferencial das distintas materias primas (Táboa 4). As dimensións medias dos artefactos son de 24,7x21,8x10,7 mm, lixeiramente maior nas cuarcitas de grao fino (31,4x29x10 mm). En canto ás categorías estruturais vemos como as cadeas operativas están fragmentadas, cunha presenza maioritaria de produtos de talla e soportes retocados, e unha contadísima representación de percutores (1,8%) e núcleos (0,9%). As categorías dominantes son as Bases Positivas (49,5%) e os fragmentos (16,8%), especialmente no que atinxe ós seixos. As cuarcitas están representadas por Bases positivas enteiras (BP) ou fracturadas (BPF, FBP) e escasos fragmentos (2%). Destaca o alto porcentaxe de elementos retocados (BN2XC), todos eles en seixo (9,9%) (Táboa 4).

Se ben o único núcleo recuperado é Multifacial ortogonal, os produtos de talla ofrécennos importante información acerca das estratexias de explotación do Nivel 3 de Cova Eirós. Temos identificados produtos Levallois, discoidais e de

tipo Kombewa. O 48% das BP mostran negativos unipolares nas caras dorsais, seguido polos produtos centrípetos (45%). Con respecto ós talóns, destaca o alto porcentaxe de multifacetados e bifacetados (24,4% e 16,3%, repectivamente). Os talóns non facetados fálannos do aproveitamento de superficies corticais ou planos de fractura naturais como planos de percusión para iniciar unha redución lonxitudinal ou ortogonal dos núcleos. Os produtos con negativos unipolares e ortogonais, e talóns corticais e/ou unifacetados poderían relacionarse con estas estratexias. Por outra banda, destaca a presenza de produtos Levallois en cuarcita de grao fino e incluso en seixos, con talóns multifacetados e negativos centrípetos nas súas caras dorsais.

En canto ós artefactos retocados, a totalidade deles están realizados sobre seixo destacando o grupo dos denticulados sobre as raspadeiras e becs. (Táboa 6).

Táboa 6. Tipos primarios de artefactos configurados nos diferentes niveis de Cova Eirós.


Tipo Primario	Nivel			Total
	II	III	C	
Abrupto			1	1
Buril	1		1	1
Bec		3	1	4
Denticulados		4	4	8
Raspadeiras		3		3
Raedeiras			1	1
Furador			1	1
Outros			1	1
TOTAL	1	10	10	21

Os restos óseos deste nivel presentan un alto grao de fragmentación o que dificulta a súa identificación taxonómica (Táboa 5). Algúns bordes de fractura e desgastes dos ósos poderían ser debidos a un acto intencional e moitos deles presentan marcas de corte nas súas superficies, o que sinalaría o factor antrópico como principal axente da acumulación. Destaca a ausencia de especies domésticas. Como herbívoros atópanse representados os cervos, sendo na súa maioría restos de asta ou esquírolas de diáfises de ósos longos extremadamente fragmentados. Tamén aumenta o número de restos de oso das cavernas que, como no nivel anterior, poderían proceder do xacemento do interior da cova, malia que non presentan sinais de rodamento. A maioría de restos de úrsidos deste nivel corresponden a individuos neonatos (dentes deciduais).

A presenza dun fragmento de molar coa morfoloxía similar ó rinoceronte (*Rinocerotidae*) permite supoñer que algúns restos óseos correspondentes a un individuo de talla moi grande pertencen tamén a dita familia. Nembargantes, o grao de fragmentación tanto do molar coma dos restos óseos non permiten acadar unha conclusión tallante.

As características do conxunto lítico do Nivel 3 permiténnos adscribilo ó Modo 3, coa existencia dunha xestión diferencial das materias primas e o predominio das estratexias de explotación predeterminadas, sobre todo no que atinxe ás cuarcitas de grao fino (Fogura 3). Cabe salientar a importancia dos produtos Levallois e a escasa presenza de discoidais, normalmente máis ligados ós conxuntos líticos baseados no seixo. Un exemplo deste último son as estacións adscritas ó Modo 3 da Depresión de Monforte de Lemos onde a existencia de produtos Levallois é máis restrinxida, fronte ós numerosos núcleos e produtos discoidais en seixo e cuarcitas de grao fino (FÁBREGAS *et al*, 2007; 2008).

Figura 3: Materiais líticos do Nivel 3 de Cova Eirós. BP Levallois en cuarcita (1-3); BP en seixo (4,5); BN2XC en seixo: denticulados (6, 7), raspadeira (8), becs (9-10).



Na Cata B, no talude exterior da cova, identificouse un nivel arqueolóxico (Nivel C) moi rico en materiais líticos e óseos, 321 e 144 efectivos respectivamente. Os niveis desta cata presentan una forte inclinación seguindo a pendente natural do talude. Os materiais arqueolóxicos concéntranse na parte baixa da cata (sur), sendo menos numerosos os restos na parte norte. Debido a súa densidade, o Nivel C non foi esgotado durante a presente campaña.

Tanto na variedade de materias primas, cun predominio do seixo (93%) sobre a cuarcita e o cristal de rocha, e na presenza de cadeas operativas fragmentadas o conxunto lítico do Nivel C presenta unha tendencia semellante á identificada no interior da cova. Nembargantes, documéntase por primeira vez a presenza dunha Base Positiva en sílex³. Hai certos aspectos que fan pensar no carácter removido deste nivel tanto no que atinxe á fauna como á industria lítica. Nos restos óseos procedentes do talude apréciase unha mistura de especies e estados de fosilización que podería indicar que a orixe deste nivel é por remoción dos niveis atopados na entrada (Táboa 5).

O mesmo sucede no conxunto lítico. Co Nivel 2 comparte unha variedade litolóxica semellante (incluso nas porcentaxes de representación), e certos aspectos técnicos (lascas de reavivado de planos de percusión de prismas de cristal de rocha, fragmentos de láminas, etc.) e tipolóxicos, como a presenza dun buril en cristal de rocha e un furador (Táboa 6). Certos elementos pódense considerar propios do Nivel C, como a presenza dun tipo específico de cuarcita de grao fino (moteada), produtos de talla Levallois e discoidal, e unha maior similitude morfométrica dos produtos. Polo tanto, e á espera de novos datos que permitan realizar unha correlación estratigráfica entre as dúas catas, o Nivel C semella ser unha un nivel alterado formado pola remoción dos niveis do interior da entrada.

Os resultados do estudo dos materiais arqueolóxicos de Cova Eirós, permiten realizar certas interpretacións preliminares que deberán ser corroboradas mediante as datacións absolutas que se realizarán por C14 e OSL. Aínda que no material asociado ó Nivel 2 non atopamos elementos moi diagnósticos, cunha gran porcentaxe de fragmentos de talla e elementos

de pequeno formato (menor de 2 cm), a presenza dun buril, unha laminiña e varios produtos en cristal de rocha poderían indicar unha atribución deste conxunto ó Modo 4 (Paleolítico Superior).


O Nivel 3 posúe unha maior riqueza de material e non ofrece dúbidas de cara a súa adscripción tecnolóxica, coa presenza de produtos Levallois en cuarcita de grao fino e seixo, así como produtos Kombewa e discoidais e un gran índice de talóns bifacetados e multifacetados. Métodos de explotación que amosan unha gran predeterminación dos produtos, característica do Modo 3.

Na Cata B, no Nivel C, documéntase unha mestura dos aspectos observados nos niveis anteriores tanto no referente á xestión das materias primas como no apartado técnico (Figura 4).

A modo de síntese, e á espera de datacións absolutas, podemos facer unha relación dos diferentes momentos de ocupación de Cova Eirós:

No Nivel 3 atopámonos cunha ocupación do Pleistoceno Superior e un conxunto lítico propio do Modo 3, con estratexias de explotación Levallois, discoide e Kombewa e unha xestión dos recursos líticos onde se produce unha clara xestión diferencial das materias primas segundo a súa adecuación ás necesidades tecnolóxicas, estratexias identificadas noutros conxuntos do paleolítico medio do NW (CANO *et al.* 2000; DE LOMBERA & RODRÍGUEZ, e.p.; DE LOMBERA, 2005, VILLAR 1997a): a cuarcita de grao fino e os seixos de moi boa calidade para á produción Levallois e discoidal, deixando os seixos de menor calidade (con planos e diaclasas internas) para a súa explotación unipolar e ortogonal. O espectro faunístico, coa presenza de certas especies extintas (*U. spelaeus*, *Rinocerotidae*), remítenos ós xacementos do Pleistoceno Superior do NW peninsular (GRANDAL, 1997; FERNÁNDEZ, 1993).

Figura 4: Materiais líticos do Nivel 2 (1) e Nivel C (2-7). Bases Positivas: laminiña en cristal de rocha (1) e fragmento proximal de lámina (2); BP en sílex (3); BN2XC: Buril en cristal de rocha (4) e furador en seixo (5); Bases Positivas Levallois en seixo (6) e cuarcita de grao fino (7).



Os indicios do Nivel 2 e certos elementos do Nivel C pódennos falar dunha ocupación posterior posiblemente adscrita ó Paleolítico Superior. Neste senso, atopámonos cunha diferenza na xestión dos recursos líticos, pola demanda de novas materias primas como o cristal de rocha e o sílex, adecuados para os novos sistemas de produción laminar. Tendencia

propia dos xacementos do Paleolítico Superior do NW peninsular (DE LOMBERA & RODRÍGUEZ, e.p.; VILLAR, 1997b). A desaparición dos produtos Levallois e discoidais no Nivel 2, así como a presenza de láminas e fragmentos de láminas en cristal de rocha, e produtos de acondicionamento da explotación dos prismas serían indicios da presenza de sistemas técnicos propios do Modo 4 (Figura 4). Nas estratexias de configuración tamén se observa unha mudanza coa presenza de morfotipos propios do Paleolítico superior como son os furadores e os burís. Adscripción que xa foi proposta para os niveis superiores da entrada segundo os resultados das intervencións anteriores (NOGUEIRA, 1997). Duas datacións C-14 en torno aos 30.000 anos apoian dita atribución.

Escavacións na cova de Valdavara (Becerreá, Lugo). Campaña do 2008

Os traballos efectuados nesta campaña foron unha continuación dos realizados no 2007, ano no que comezaron as intervencións neste xacemento, e inscríbense nunha fase preliminar do proxecto encamiñada a obter os datos estratigráficos, cronolóxicos e culturais esenciais da secuencia arqueolóxica existente na cova. Como xa se expuxo noutros traballos (FÁBREGAS *et al*, 2008; VAQUERO *et al*, 2008), a campaña do 2007 permitiu identificar dúas localizacións con depósito arqueolóxico, denominadas respectivamente Valdavara 1 e Valdavara 2, que correspondían a dous accesos diferentes ó sistema cárstico. Na campaña do 2008 proseguiron os traballos en ámbalas localizacións e ademais interveuse na vertente existente entre elas.

En Valdavara 1 continuamos escavando a sondaxe iniciada na campaña anterior, a cal ampliouse ata atinxir unha superficie de 2 m² (cadros M20 e M21). Ó finalizar a campaña alcanzouse a rocha do substrato en boa parte da sondaxe, o que nos permitiu completar practicamente a secuencia estratigráfica do interior da cova. Na campaña do 2007 chegárase ó teito dunha unidade estratigráfica formada por limos de cor alaranxada (nivel 4) que marcaba unha clara ruptura cos niveis superiores da secuencia (niveis 2-3), os cales correspondían á Prehistoria Recente. As características sedimentarias e o contido arqueolóxico do nivel 4 suxería unha atribución ó Pleistoceno Superior final que se viu confirmada polas datas 14C AMS, situándoo nunha pinza cronolóxica que no Norte da Península Ibérica asóciase a conxuntos do Magdaleniense Inferior e Medio, aínda que o material atopado en contexto estratigráfico non era o bastante diagnóstico para confirmar esta atribución. Os restos máis significativos dende o punto de vista cultural (algúns burís e fragmentos de industria ósea) recuperáronse fóra de contexto, no sedimento removido que enchía o interior dunha sondaxe practicada nos anos 60.

Nesta campaña completouse a escavación do nivel 4 e documentáronse dúas novas unidades estratigráficas. As características sedimentarias do nivel 5 eran moi similares ás do nivel 4, diferenciándose unicamente por un descenso na proporción de clastos. Esta diferenza apreciábase basicamente na parte norte da sondaxe (cadro M21). Por outra banda, non se observaron diferencias significativas entre os contidos arqueolóxicos de ambos niveis. O nivel 6 mostraba un cambio na dinámica sedimentaria, coa aparición de depósitos de gravas finas en matriz areosa. Este nivel dispúñase inmediatamente por riba do substrato rochoso da cova e caracterizábase por un descenso significativo na densidade do rexistro arqueolóxico, ó cal xa comezabase a apreciar na parte inferior do nivel 5.

O rexistro arqueolóxico recuperado durante a campaña do 2008 confirma as tendencias apuntadas o ano anterior no teito do nivel 4. A industria lítica está composta basicamente por artefactos de sílex, aínda que tamén se observa unha presenza significativa de restos de seixo. O sílex representa un 89,5% dos restos no nivel 4, unha porcentaxe superior á rexistrada neste mesmo nivel na campaña do 2007, mentres que o seixo acada un 10,5%. No nivel 5 apréciase un descenso apreciable do sílex en beneficio do seixo (68,7% e 30,2% respectivamente), aínda que existen dúbidas sobre a atribución dalgúns dos restos de seixo, polo que non se pode descartar que a porcentaxe deste material diminúa unha vez realizado o estudo detallado da industria. É importante lembrarse de que se constatou a presenza de fragmentos de seixo de orixe natural no depósito sedimentario. Destaca a presenza no nivel 5 de dous artefactos de cuarcita, material que non se documentou no nivel 4. No nivel 6 só se recuperaron de momento tres artefactos líticos, dous en seixo e un en sílex. O número de artefactos retocados é reducido, pero permitiu confirmar plenamente os datos preliminares obtidos na campaña do 2007. Cunha soa excepción (unha raspadeira frontal), tódolos artefactos retocados recuperados na campaña do 2008 nos niveis 4 e 5 son burís, observándose un predominio claro dos burís diedros.

Do rexistro arqueolóxico recuperado nos niveis 4 e 5 destaca a presenza dunha serie de fragmentos de cuncha de *Dentalium*. Ata o momento identificáronse sete deles, catro procedentes do nivel 5 e tres do nivel 4. Varios fragmentos de cuncha deste molusco mariño foron atopados xa nos niveis de Prehistoria Recente desta secuencia (niveis 2-3). Con todo, hai unha clara diferenza entre as evidencias localizadas nestes niveis e as correspondentes ós niveis Plistocenos. Mentres que os fragmentos recuperados nos niveis 2 e 3 pertencen á especie *Dentalium vulgare*, de cuncha lisa, tódolos atopados nos niveis 4 e 5 atribúense á especie *Dentalium novemcostatum*, cuxa cuncha caracterízase por presentar unha serie de estrías lonxitudinais (Fig. 5). Ámba-las especies localízanse actualmente nas costas galegas. A presenza destas cunchas en xacementos arqueolóxicos atribúese habitualmente ó seu uso como elementos de adorno persoal, xa que se descarta un uso alimentario. Hai que ter en conta que ata agora o único obxecto de adorno persoal asociado a conxuntos de Paleolítico Superior en Galicia era o colgante en pedra atopado en Férvedes II (Xermade, Lugo) (RAMIL SONEIRA & VÁZQUEZ VARELA, 1983).

Figura 5: Fragmentos de concha de *Dentalium* aparecidos nos niveis magdalenenses de Valdavara 1.



A intervención na vertente entre Valdavara 1 e Valdavara 2 tivo como obxectivo obter un mellor coñecemento da topografía do substrato calizo. Na maior parte do sector, este substrato rochoso aflorou rapidamente por baixo dunha capa de terra vexetal, aparecendo un relevo graduado en varios puntos do cal conservábanse restos de antigas costras estalagmíticas que puñan de manifesto a complexa evolución do sistema kárstico no que se sitúa o xacemento. A maior potencia sedimentaria rexistrouse na zona situada fronte á boca de entrada a Valdavara 1. Neste sector (correspondente ós cadros N-Q/17-19) documentouse unha secuencia na que ate o momento identificáronse, de teito a base, os seguintes niveis (Fig. 6):

- Un nivel superficial formado por limos de cor marrón escura, con abundantes bloques de tamaño decimétrico. Este nivel aparecía fortemente bioturbado pola acción das raíces e proporcionou un rexistro arqueolóxico no que aparentemente se atopaban mesturados restos de distintas cronoloxías, coa presenza de fragmentos cerámicos asignables á Prehistoria Recente e elementos de aspecto subactual, entre os que se incluían algunhas louzas vidradas. A teito deste nivel atopouse ademais o vertedoiro das intervencións realizadas nos anos 60 no interior da cova.

- Un nivel de limos de cor avermellada, tamén con abundantes bloques calizos, que presentaba un contacto erosivo có nivel supraxacente. A diferenza da unidade superior, este nivel proporcionou un rexistro arqueolóxico bastante homoxéneo, no cal destaca unha industria lítica caracterizada por un predominio claro do seixo. Este material representa o 91,6% dos restos líticos recuperados neste nivel, mentres que o sílex alcanza o 7,1%; tamén se identificou un artefacto de cuarcita. A identificación dalgunhas remontaxes suxire unha boa preservación das relacións espaciais entre os restos.

Figura 6: Corte estratigráfico correspondente á parte exterior de Valdavara 1 no que se observan as dúas unidades diferenciadas nesta secuencia.



Cós datos dos que dispomos actualmente e á espera das datas radiocarbónicas, resulta complicado propor unha atribución cronocultural para o conxunto documentado neste derradeiro nivel. Non se atoparon restos cerámicos nesta unidade, o que indica unha cronoloxía paleolítica ou mesolítica. Con todo, o conxunto lítico non proporcionou restos suficientemente diagnósticos para afinar algo máis esta caracterización. A falla dunha análise máis exhaustiva dos restos, a industria en seixo reflexa uns sistemas de talla expeditivos encamiñados á produción de lascas, sen que se aprecie ningunha evidencia de produción laminar a partires deste material. A industria en sílex podería ser algo máis diagnóstica, a vulgar polo achado dun buril realizado neste material, pero o número de efectivos é demasiado escaso e parece aventurado suxerir calquera atribución a partires desta única evidencia.

Tampouco está clara de momento a correlación entre esta secuencia e a documentada no interior de Valdavara 1. Algúns dos materiais atopados no revolto superficial do exterior da cova poderían estar relacionados cos niveis de Prehistoria Recente do interior, pero parece claro que as unidades magdalenenses de Valdavara 1 (niveis 4 e 5) atópanse ausentes da secuencia exterior. Tanto a nivel litolóxico como tecnolóxico, o conxunto lítico recuperado no nivel inferior do exterior contrasta de forma marcada co recuperado en aqueles e, diante desta situación caben dúas posibilidades:

- Os niveis documentados na parte externa e interna da cova forman parte da mesma secuencia. De acordo con esta hipótese, os niveis magdalenenses do interior non se conservaron na parte externa debido a procesos erosivos e o nivel inferior do exterior correspondería a un momento máis antigo.
- As zonas interna e externa da cova presentan secuencias independentes. Os niveis pleistocenos do interior non se conservaron ou formaron na parte externa e o conxunto da secuencia exterior sería posterior ó depósito magdalenense da zona interna.

Polo momento non é posible decantarse por ningunha destas hipóteses. A obtención de datas radiométricas para a secuencia exterior será fundamental para resolver esta problemática, así como a escavación da área intermedia entre ámbolos sectores, conectando a sondaxe do interior de Valdavara 1 coa parte exterior. Esta intervención está prevista para a campaña de 2009.

Finalmente, durante a campaña do 2008 continuouse intervindo en Valdavara 2, proseguindo a escavación do depósito funerario da Idade do Bronce identificado na campaña de 2007. Non se rexistraron cambios significativos con respecto ó observado naquela primeira campaña. Continúan aparecendo restos humanos correspondentes a individuos infantís, sen que se documentara de momento ningún outro de idade adulta. O estudo dos restos recuperados no 2007 indicaba a presenza de polo menos dous individuos e non se descarta que entre as evidencias atopadas este ano existan restos doutros individuos diferentes. Por outra banda, como xa se apreciou na campaña de 2007, continúan sen aparecer evidencias de cultura material asociadas a este depósito. A escavación de Valdavara 2 continuará na próxima campaña.

A Cerámica de Valdavara


O conxunto cerámico da campaña de 2008 está formado por algo menos de setenta fragmentos, dos que case a metade proceden de zonas superficiais das zonas exteriores da cavidade. Maioritariamente trátase de cerámica a mao, aínda que hai varios fragmentos de vasos a torno, de época histórica e probablemente non demasiado antigos, como indican os cachos dunha vasilla con vidro melado polo interior.

Os restos de cerámica a mao conservados son os dominantes e son maioritariamente amorfos. A fragmentación destes restos —entre 1 e 5/6 cm. para a maior parte— fai difícil a caracterización formal do conxunto, aínda que nalgúns casos poderíase formar grupos considerados da mesma vasilla. É probable que os tipos de tendencia ovoide e en menor medida globular, sexan os dominantes, e soamente o grosor dalgunhas paredes apuntaría á presenza de algúns grandes contedores, a pesares de que semella que os contedores medios —orzas e ollas— son os mellor representados no conxunto.

Do nivel superficial do exterior de Valdavara 1, nos cadros N-Q/17-19, procede o lote mais importante de fragmentos, que ademais permitiu, alomenos, agrupar os restos de varias vasillas. Unha delas proporcionou os dous únicos fragmentos de borde, un deles cun orificio de suspensión, que é ademais o único elemento de suxeición coñecido (Figuras 7-1 e 2); o recipiente podería ser unha oliña de superficies negras alisadas/bruñidas, pero irregulares, cun borde que amosa un labio estreito e rematado nunha liña irregular polo exterior. Hai que sinalar que xa se tiña recollido outro fragmento de borde de esta oliña, ou doutra na campaña do 2007 de características idénticas, procedente do revolto na zona superficial do interior da cavidade.

En Valdavara 1, da limpeza na zona sur do cadro M-20 escavado na campaña anterior proceden uns poucos fragmentos, entre os que hai que destacar a presenza dun pequeno fragmento con decoración de liñas incisas que según tódolos indicios podería pertencer a unha vasilla da que xa se recuperaran outros tres restos con anterioridade (Figura 7-3). O fragmento apareceu no nivel 5, na UA1, unha zona con bioturbación na que foron identificadas pequenas intrusionés dos niveis superiores debido á presenza de raíces ou de madrigueiras. Ás decoracións son moi escasas; ademais do fragmento mencionado, con decoración de liñas realizadas con técnica incisa, hai outro que semella levar un motivo realizado con liñas bruñidas. Con estes datos confirmase tanto a ocupación prehistórica recente da cova como a de época histórica, aínda que ésta segue sendo, a teor dos escasos restos cerámicos bastante puntual.

Figura 7: Fragmentos cerámicos de Valdavara.




Discusión de datos

Os traballos levados a cabo durante estes anos permiten albiscar a importancia do poboamento paleolítico na cunca media do Miño (FÁBREGAS VALCARCE *et al.*, 2007, 2008; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ *et al.*, e.p). Por unha banda, desenrólase unha intensa ocupación nas depresións terciarias de Monforte e Quiroga que semella ter un carácter continuado dende os momentos iniciais do Pleistoceno Medio ata os momentos finais do Pleistoceno Superior ou inicios do Holoceno, o que a converte nunha zona única na investigación prehistórica do NW peninsular. Esta diacronía das ocupacións nun mesmo territorio permítenos estudar certos cambios na evolución tecnolóxica e conductual nas diferentes fases do Paleolítico do NW peninsular. No caso dos xacementos da Depresión monfortina, debido ós condicionantes de conservación do rexistro arqueolóxico, só podemos achegarnos a eles a través do estudo da evolución na xestión das materias primas, da súa tecnoloxía lítica e dos seus patróns de asentamento sobre o territorio.

Xa comentamos as principais diferencias tecnolóxicas observadas nas distintas dispersións adscritas ó Modo 2 e Modo 3. Xunto á diminución na porcentaxe dos grandes obxectos configurados como *choppers*, bifaces, triedros e fendedores, obsérvase unha paulatina redución no formato dos produtos e soportes. As estratexias de configuración nos conxuntos adscritos ó Modo 3 céntranse nos pequenos instrumentos sobre lasca (BN2XC), especialmente na elaboración de denticulados e raedeiras. Nas estratexias de redución obsérvase un retroceso dos núcleos con extraccións ortogonais e lonxitudinais en favor da presenza de núcleos e produtos discoidais ou centrípetos con certa xerarquización na súa explotación, coma no caso de San Mamede. Ata o presente, a técnica Levallois só está representada nun número escaso de núcleos e produtos de talla, dende os conxuntos achelenses de Chao Vilar-II ata ós de Modo 3 de San Roque. Os conxuntos de Valverde, Áspera e Costa Grande-III (Modo 4) rachan con esta dinámica introducindo novidades tecnolóxicas basadas na produción microlaminar, anque o método discoidal e a técnica bipolar seguen a ser empregados para obter soportes de maior formato.

Gráfica 1: Materias primas por xacementos na Depresión de Monforte.



Esta evolución tecnolóxica vai parella á xestión e abastecemento das materias primas (Gráfica 1). Se ben a cuarcita é a materia predominante, existe unha maior selección técnica dos materiais. Nos conxuntos adscritos ó Modo 2, como As Lamas, Outeiriño, ou as estacións de Chao Vilar, a materia prima maioritaria é a cuarcita de calidade media/baixa, cunha granulometría media/grosa e fisuras internas e pequenas porcentaxes de cuarcitas de grao fino. Nembargantes, nos conxuntos do Modo 3 (As Gandariñas, O Regueiral, San Mamede, Mañente) prodúcese unha ampliación da demanda lítica coa incorporación de novas materias primas (sílex, liditas) e, sobre todo, a maior importancia da cuarcita de grao fino, cunha menor granulometría e grande homoxeneidade. Do mesmo xeito o seixo é cada vez máis empregado. Este feito podería ser explicado polas diferencias na litoloxía dos conglomerados dos diferentes sectores da Depresión de Monforte, onde a cuarcita de grao fino e o seixo de maior calidade atópanse mellor representados na zona sur e oeste. Se ben isto podería explicar as altas porcentaxes de cuarcita de grao fino no lugar de As Cruces e Conchouso, sen embargo, o lugar de O Regueiral, situado no sector norte, ou o propio San Mamede, situado a un cento de metros de As Cruces, indican que o condicionante litolóxico non é suficiente por sí mesmo para explicar esta tendencia. Nos xacementos de Valverde e Áspera as novas necesidades tecnolóxicas (producción microlaminar) implican unha selección máis coidadosa da calidade da materia prima, testemuñada por un incremento na utilización da cuarcita de grao fino (taller de Costa Grande-III), así como na incorporación de novos materiais, como o cristal de rocha e o sílex, o que constata un claro cambio nas estratexias de abastecemento, ligado a un Sistema Técnico máis esixente no relativo á calidade dos materiais.

Tamén se produce un cambio nos patróns de asentamento. Así como as dispersións do Paleolítico inferior e medio distribúense polo interior e marxes da bacía monfortina, os xacementos adscritos ó Modo 4 sitúanse en recháns a media ladeira que controlan visualmente as valgadas de tránsito entre os dous sectores da Depresión de Monforte e a súa saída na marxe sur (RODRÍGUEZ ÁLVAREZ *et al.*, e.p.). Deste xeito, os criterios de proximidade a cursos de auga e fontes de materia prima semellan supeditados ós criterios de control e visibilidade das principais vías de tránsito. Aspecto que tamén aparece nos asentamentos da Serra do Xistral (RAMIL SONEIRA & RAMIL REGO, 1996; LÓPEZ CORDEIRO, 2002).

As cavidades de Cova Eirós e Valdavara amosan o uso continuado dos hábitats cavernícolas dende ó Pleistoceno Superior ata momentos da Prehistoria Recente, como atestiguan os diferentes niveis de ocupación en cada cova. Nestes xacementos, ademais da información sobre a xestión dos recursos líticos, podemos acadar datos sobre a xestión dos materiais bióticos do seu territorio, especialmente a través do estudo dos restos faunísticos recuperados. Unha primeira identificación taxonómica das diferentes especies animais xa nos achega grande información sobre a fauna do Pleistoceno Superior no NW e novos estudos sobre os patróns de representatividade anatómica e alteracións superficiais dos ósos (tafonomía) aportarán coñecemento sobre a orixe das acumulacións de fauna e as estratexias cinexéticas destas comunidades do Pleistoceno Superior. A cercanía xeográfica entre ámbalas dúas covas permitirá comparar as estratexias

de subsistencia do Paleolítico medio de Cova Eirós, coas das comunidades de finais do Pleistoceno Superior en Valdavara. A descuberta de elementos de adorno en Valdavara 1 supón e evidencia datada máis antiga sobre a esfera simbólica das sociedades de cazadores-recolectores.

AGRADECIMENTOS

Os traballos arqueolóxicos vinculados ó proxecto de investigación foron levados a cabo gracias ó apoio do Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2007-63662) e dos concellos de Triacastela, Becerreá, Monforte de Lemos e o Centro de Formación e Experimentación da cidade monfortina. Así mesmo, agradecer á persoas que se colaboraron nos traballos, especialmente ós alumnos de prehistoria, a Enrique Pérez Losada e a xente de Pedras por todas as facilidades dadas. M.T. é bolseiro da Cátedra Atapuerca.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMEIJENDA IGLESIAS, A. (2008): *Geomorfología del Cuaternario y Cronología relativa de las ocupaciones Humanas durante el Pleistoceno de la Depresión de Monforte de Lemos, cuenca media del río Miño, Galicia*. DEA, Área de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, 181 p.
- CANO PAN, J. A., F. GILES PACHECO, E. AGUIRRE, A. SANTIAGO PÉREZ, J. GRACIA PRIETO, E. MATA ALMONTE, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ y O. PRIETO REINA (2000): "Middle Paleolithic Technocomplexes and Lithic Industries in the Northwest of the Iberian Peninsula" en: *Neanderthals on the Edge*. C. B. Stringer, R. N. Barton and J. Finlayson (Ed). Oxbow Books, Oxford. 49-57.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T.; de LOMBERA HERMIDA, A.; J. A. PEÑA ALONSO, J.A.; PÉREZ ALBERTI, A.; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X.P.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; TERRADILLOS BERNAL, M. (2007): "Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas." *Gallaecia* 26: 7-33.
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; ALONSO FERNÁNDEZ, S; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T.; de LOMBERA HERMIDA, A.; PÉREZ ALBERTI, A.; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X.P.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; SERNA GONZÁLEZ, M.R.; TERRADILLOS BERNAL, M. e VAQUERO RODRÍGUEZ, M. (2008): Aportacións ó estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre. *Gallaecia* 27: 63-88.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1993): "Los Macromamíferos del Pleistoceno y Holoceno Inicial en el Noroeste Peninsular" en: *La evolución del paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*. A. Pérez Alberti, J. Guitián Rivera and E. Ramil Rego (Ed). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 183-191.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. (1993): *Estudio paleontológico del yacimiento de Ursus spelaeus Rosenmüller-Hinroch 1974 (Mammalia carnivora, ursidae) de Cova Eirós*, Edicións A Nosa Terra, Sada, A Coruña.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. (1997): "Condiciones en la distribución de macromamíferos en Galicia (NW Peninsular Ibérica) durante el Cuaternario superior." *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 22: 43-66.
- LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (2002): "Ocupación de espacios graníticos en la Sierra de Xistral: El área arqueológica de Nordés (Valadouro, Lugo)." *Gallaecia* 21: 61-86.
- de LOMBERA HERMIDA, A., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, S. ALONSO FERNÁNDEZ, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ y R. FÁBREGAS VALCARCE (2008): "A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular" en: *Homenaxe a Xose María Álvarez Blázquez (2). Estudos sobre Paleolítico*. E. Méndez Quintas (Ed). Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar. 321-346.
- de LOMBERA HERMIDA, (2005) "Aplicación del Sistema Lógico Analítico al estudio de un yacimiento gallego. La industria lítica de A Piteira (Toén, Ourense)." *Gallaecia* 24: 7-33.

- de LOMBERA HERMIDA & RODRÍGUEZ RELLÁN, e.p.; “Gestión y estrategias de abastecimiento de las materias primas locales (cuarzo, cuarcita y pizarra) en la Prehistoria del Noroeste peninsular” en: *IV Reunión de trabajo sobre aprovisionamiento de recursos líticos en la Prehistoria*. S. Domínguez-Bella, J. Ramos Muñoz, J. M. Gutiérrez López and M. Pérez Rodríguez (Eds). Universidad de Cádiz y Ayuntamiento de Villamartín, Villamartín.
- NOGUERIA RIOS, (1997): “Unha primeira aproximación o estudio dos materiais líticos de Cova Eirós (Triacastela-Lugo).” *Historia Nova* IV: 9-29.
- RAMIL SONEIRA, J.; VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1983): Primer hallazgo de arte mueble paleolítico en Galicia. *Ars Praehistorica*, 2: 191-193.
- RAMIL REGO, E. e J. RAMIL SONEIRA (1996): “El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipaleolítico.” en: *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. R. Fábregas Valcarce (Ed). Edicións do Castro, Sada. 73: 117-147.
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X. P., R. FÁBREGAS VALCARCE,, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. de LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, J. A. PEÑA ALONSO, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, A. AMEIJENDA IGLESIAS y E. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ (en prensa): “Nuevos yacimientos paleolíticos en la Depresión de Monforte de Lemos (Lugo, Galicia, España)” en: *Cuaternalario y Geomorfología*.
- VAQUERO RODRÍGUEZ, M; ALONSO FERNÁNDEZ, S; AMEIJENDA IGLESIAS, A.; GÓMEZ MERINO, G.; de LOMBERA HERMIDA, A.; LORENZO, C.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; (2008): Nuevos datos sobre el Paleolítico Superior en Galicia: la cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo). En E. Ramil Rego (Ed.): *1 Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba. Férvedes*, 5: 137-141.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997a): “El yacimiento paleolítico de A Piteira (Toén) Ourense.” *Boletín Auriense* XXVII: 9-25.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997b): “El Paleolítico Superior y Epipaleolítico en Galicia.” *Zephyrus* 50: 71-106

NOTAS

- 1 Debido á altura do nivel freático e ás condicións climáticas durante as intervencións, as catas foron plantexadas nas marxes exteriores da cubeta. En catro delas chegouse ó substrato granítico acadando unha potencia máxima de 1,75 metros na Cata 1 e una mínima de 40 cm, na Cata 4. Estes traballos serán retomados co obxectivo de poder coñecer con máis precisión o contexto estratigráfico e arqueolóxico desta ocupación.
- 2 Tense recuperado tres restos que poderían adscribirse a *Sus domesticus*, así como varios de ovicápidros que polo seu tamaño poderían ser domésticos, aínda que a súa posición lindante cos silos de época medieval podería indicar pequenas intrusións/alteracións non identificadas durante o proceso de escavación, xa que, por exemplo, non foi recollida nengunha cerámica neste nivel. Unha revisión en profundidade dos restos e das características de fosilización/tafonomías permitirán dilucidar a súa orixe.
- 3 No material removido nos dous silos foron recuperadas dúas láminas en sílex das mesmas características que no nivel C, polo que poderían ter a mesma procedencia.